

Sobre as obras da piscina e o cobro de cotas

Prezado/a usuario/a:

Tras recibir diferentes consultas sobre o estado das obras da piscina e a cobranza das cotas, desde o Concello de Vilagarcía queremos informarte sobre varios aspectos:

1. Execución da obras.

Despois de introducir novas melloras suxeridas polos técnicos, a construtora e a propia concesionaria do servizo, as obras están practicamente rematadas, a expensas de pequenos detalles, test de que todo funciona correctamente, formación do persoal sobre a nova maquinaria, limpeza, etcétera). Con todo, os **novos vestiarios estarán dispoñibles dende o día 4 de maio**.

A partir dese momento, a piscina recuperará a súa total normalidade. Como sabes, nesta primeira fase está contemplada a **substitución da cristaleira** da fachada Sur. Para causar as menores molestias posibles, esa obra se realizará **durante o verán**.

2. Cobranza de cotas.

Nos 3 meses e medio nos que a piscina so puido ser utilizada con servizos provisionais, realizáronse unha serie de **bonificacións** nas cotas para **compensar os trastornos** ocasionados pola falta de vestiarios:

- . En xaneiro e febreiro, bonificouse o 100% da cota.
- . No mes de marzo, o 50%.
- . No mes de abril, o 30%.

Ao longo destes meses fóronse incrementando os servizos ofrecidos, así como o horario de apertura da instalación, e iso explica os cambios nas bonificacións.

Se facemos a media realizada nestes 3 meses e medio, sairía **unha compensación do 65% do importe da cota mensual**, que consideramos importante para paliar as molestias causadas pola falta de vestiarios.

3. Subida de tarifas de Serviocio.

Con respecto ao incremento de tarifas que realiza a empresa Serviocio, é preciso aclarar que se debe a unha actualización de cotas con base na subida do **IPC** dos últimos anos. Os prezos estaban **sen revisar dende o ano 2017**. Aínda con esa revisión, os prezos da piscina municipal seguirán estando **entre os máis baixos das principais cidades de Galicia**.

Dende o Concello e dende a Fundación de Deportes, confiamos en ter aclarado estas cuestións e que, coa inmediata apertura dos vestiarios comece **unha nova etapa** na piscina municipal, que se verá referendada coa ampliación prevista na segunda parte do proxecto e un investimento de 3 millóns de euros.

Pedimos **desculpas polos trastornos** que son inherentes a calquera obra destas características, pero estamos seguros de que valerán a pena. Igualmente, queremos agradecer de xeito explícito a **boa disposición dos traballadores e traballadoras** de Serviocio, unha peza fundamental para que este tempo de transición se desenvolviera coas menores molestias posibles.

Grazas pola túa comprensión. **Seguimos traballando para mellorar as instalacións** das que desfrutas.

Vilagarcía de Arousa, 26 de abril de 2024.

Carlos Coira Lojo

Pte. da Fundación de Deportes